

LINGUA GALEGA

SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL

En galego seguiremos utilizando o libro esta semana. Faremos a páxina 122, 123, 124 e 125.

Para responder aos exercicios da páxina 122 temos que ler con moita atención a lectura das páxinas 120 e 121.

Na páxina 123 fálannos de nomes propios. Pero antes de falar destes nomes, quero que recordedes cales son os nomes comúns (tema 7, páxina 87).

Nomes comúns: nomean cousas, persoas e animais. Por exemplo: mesa, silla, neno, nena, gata, coello...

Nomes propios: dinnos como se chama unha persoa, un animal, un lugar... Por exemplo: Lucía, Xan, Carla, Marcos, Vega (nomes de persoas); Monte Aloia, Tui, Vigo, Portugal (nomes de sitios); Manchiñas, Rufus, Blanquiña (nomes de animais).


→ Tendo isto en conta, facede os exercicios da páxina 123.



Fixádevos como se escriben os nomes propios. Todos comezan por maiúscula. Igual que o voso nome e apelidos, da igual cando o escribades, a primeira letra sempre sempre vai con maiúscula.

→ Tendo isto en conta, facede os exercicios das páxinas 124 e 125.

Deixo na seguinte páxina a solución aos exercicios.



Moito ánimo coas actividades desta semana!

COMPREENDO O CONTO

1 Lembra e responde.



- Quen son? Branca e Guillermo.
- Que herdaron? Unha fábrica de xeados.
- Que problema teñen? Que lles vai mal.

2 Marca a opción correcta.

Os irmáns Friaxe decidiron...

- ☐ non fabricar máis xeados.
- ☒ fabricar outro tipo de xeados.

Esa idea deulla...

- ☒ unha empregada da fábrica.
- ☐ un cliente da fábrica.

3 Como son os xeados emocionantes? Completa coa palabra axeitada.

aburridos

idénticos

orixinais

Os xeados emocionantes son orixinais.

4 Escribe un exemplo de cada tipo de xeados. R.M.

Doce

Xeados de cereixas e albaricoques

Salgado

Xeados de luras



5 VOCABULARIO. Por que o xeados Mariña era a estrela? Marca.


- ☐ Porque era o máis doce.
- ☒ Porque era o máis destacado.
- ☐ Porque tiña forma de estrela.
- ☐ Porque era o máis pequeno.

COÑEZO A LINGUA

10

1 Como se chama a señora? E a vila? Le e escribe os nomes.

- Nome da moza ▶ Mariña
- Nome da vila ▶ Carouxo



Mariña traballa na fábrica, na vila de Carouxo.

O nome propio

As palabras que nos din como se chama unha persoa, un animal ou un lugar son **nomes propios**.

2 Arrodea os nomes propios.

avoa doutora Martiño país Sabela Ourense mestra rúa

3 Subliña en cada oración dous nomes propios.

- Naceu en Lugo, pero vive en Vigo.
- Iremos ao monte Alba con Xosé.
- Xiana e Iria son irmás xemelgas.
- O río Miño pasa por Ourense.

▶ Copia os nomes propios de lugar das oracións anteriores.

Lugo

Vigo

Ourense

4 Subliña os catro substantivos da oración e clasifícaa.



O pirata Malapata chegou á illa Esperanza.

Nomes propios

Malapata

Esperanza

Nomes comúns

pirata

illa

APRENDO A ESCRIBIR BEN

- 1 Le e subliña todas as palabras que teñen maiúscula inicial.

A fábrica de xeados Friaxe recibía pedidos de moitos lugares, mesmo da China. Branca, o seu irmán e todos os traballadores estaban felices. Non era para menos.



- Das palabras subliñadas, copia só as que sexan nomes propios.

Friaxe China Branca

Maiúscula nos nomes propios

Os **nomes propios** de persoas, animais e lugares escríbense con **maiúscula inicial**: *Aldara, Chispas, Ourense.*

- 2 Copia unha letra si e outra non para descubrir o nome de cada un.



FLEFLNUSXVA

Felusca



ORTBEGLHO

Otelo



MXADRÑECLZA

Marela



PTEPDLRBO

Pedro

- 3 Completa cos nomes propios anteriores.

A vaca de Pedro chámase Marela.
O morcego de Felusca chámase Otelo.

- 4 Completa o texto coas letras maiúsculas e minúsculas que faltan.

O inventor

O veciño Gregorio é inventor. Ten o seu taller na rúa do Martelo. Agora traballa nunha máquina secreta. Vaina presentar nunha feira de inventos en Alemaña. Para que será ese trabello?



- 5 Coloca en cada lugar o nome que che guste. R.M.

pardal areas espiño verde

▪ rúa Pardal ▪ praia Areas
▪ monte Espino ▪ lago Verde

- 6 DITADO. Busca as palabras en maiúscula e fai o ditado no caderno.

Curiosa coincidencia!

A señora Rosa vive na rúa do Caravel. Traballa nunha floraría en Florenxia. As flores que máis vende son as rosas e os caraveis.



MELLORO A MIÑA ORTOGRAFÍA

- 7 Completa coa letra axeitada en maiúscula ou en minúscula.

ponte de Rande porto de Eerrol

